

NÚM. 16

1-2-23

# nós.



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA  
GALEGA, ÓRGAO DA SOCIEDADE "NÓS,"

*Direitor:*  
Vicente Risco

*Segredario da Redaución:*  
Xulio Gallego

*Xerente:*  
Arturo Noguerol

*Redactor Xefe:*  
Xavier Prado (*Lameiro*)

*Sub-Xerente:*  
Alfonso V. Monxardín

*Redautores:*  
Ramón Cabanillas, Alfonso R. Castelao, Antón Lousada Diégues, Ramón Otero Pedrayo,  
Florentino L. Cuevillas, Leuter González Salgado.

*Colaboradores:*  
Teixeira de Pascoaes, Johan V. Viqueira, Philéas Lebesgue, Antón Villar Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo L. Abente, Manoel Banet Fontenla, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Marqués de Figueroa, Antón Palacios, Leonardo Coimbra, Amador Villar, Alvaro Cebreiro, Alexandre de Córdova, Xulio A. Cuevillas, Victoriano Taibo, Xulio Prieto, Farruco Lamas, Euxenio Montes, Fernández Mazas, Souza Aguiar, Cunha Barros, Xan Aznar Ponte, F. Bouza Brey, Lois Huici, Ramón Villar Ponte, Handicap, Roberto Blanco Torres, Primitivo R. Sanjurjo, Xosé Viso (*Goal*), Francisca Herrera Garrido, Hernani Cidade, Camilo Díaz, Manoel M. Risco, Francisco Luis Bernárdez, etc.

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN:

Plaza do Ferro, 6

ADEMINISTRACIÓN:

Padre Feixóo, 12

ABONAMENTO

<i>Doce números, na Península . . . . .</i>	<b>6 ptas.</b>
<i>Na Arxentina . . . . .</i>	<b>6 pesos</b>
<i>En Cuba . . . . .</i>	<b>3 dolar</b> s
<i>Números atrasados</i> <b>3 ptas.</b> <i>Número sólto</i> <b>1 pta.</b>	

Este boletín non publica mais críticas que os que foran directamente solicitados pol-a Redaución.—Tampouco se fai críticas das ideas n-elas emitidas, non sendo des que por esa rea rubricadas, enténdese que son da Redaución.

SUMARIO

Manoel Murguia, pol-a REDAUCIÓN.  
Do meu diario, por CASTELAO.  
Papeletas cervantinas a o marxe de Galicia,  
por XAQUÍN ARIAS SANXURXO.  
Arqueoloxía.

A pintura galega, por BELLO PIÑEIRO.  
As nosas publicacíós.  
Archivo filolóxico e etmográfico de Galiza.  
Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

# SERANTES E COMPAÑÍA

FARIÑAS E COLONIÁS

Ponte Mayor y Ourense

## XULIO GARCÍA PÉREZ

MÉDECO CIRUXANO

Oferece toda clase de ósos partidos e desgovernados e fai operacions quirúrxicas

VOTA O "RAYO X."

TELÉFONO 324

*¡Patriotas galegos!*

**PEDIDE O VIÑO TOSTADO  
LÓPEZ VALEIRAS**

SANATORIO QUIRÚRXICO D' OURENSE

DIRIXIDO POR DON MANOEL POLO PIÑEIRO

CO'A COPERANZA DOS DOUTORES

**Don Francisco José Klonégro :::: Don Manoel Bouzo Fernández**

Iste establecemento está situado na carretera da Lomia, e conta con un completo gabinete de RAYOS X.

## LÓPEZ E RUIZ

Depósito de maderas de todas

clases pra construcción e carpintería en xeneral.

Codes: A. B. C. 5.<sup>a</sup> edición

TELÉFONO 198

Avenida de Buenos Aires, 31

(6 lado do Asilo de Ancianos desamparados)

OURENSE

Postes e travesas  
pra camiños de  
ferro. Serrería  
mecánica e fabri-  
cación de toda  
clase de caixería.



---

MARCAS DA CASA

Tintos:

Riveiro MEDOC

Fino de mesa VIEJO

Clarete PEARES

Blancos:

TOPACIO

Especial para ma-  
riscos.

Tostado del Rivero

---

As persoas de bon gusto e que se precian de patriotas,  
prefiren o

**CHAMPAN "GALICIA,"**

por ser tan bon como o millor  
extranxeiro, e ser ESPAÑOL



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ORGÃO  
DA SOCIEDADE "NÓS,"

Ano IV

Ourense 1 de febreiro de 1923

Nºm. 16



† MURGUÍA

## MANOEL MURGUÍA

**M**STE nome musical e cheo de lembranzas ten pra nós un outo simbolismo. Cando xurdíu nos tempos románticos o pirmeiro abrete da liberdade de Galiza, Murguía recolleuno na sua y-alma moza, e dempois imortalizouno nos *Precursors*. Cando nos anos mornos, longos e tristeiros da segunda mitade do século XIX, Galiza esvaiase na uniformidade artificial da vida hispánica, foi Murguía quen sosteñeu a concencia eterna da Raza e da Terra. Soupo ouvir o salayo dos piñeiraes nativos, a vos calada da Tradición, abriu o peito á esperanza, non se domeou diante de doentes xenreiras, Patriarca caxeque lexendario do Pobo Galego no camiño da sua nova Era.

Contú escribindo Hestórea, fixo tanto com' os politecos e os guerreiros no rexurdemento do pobo italiano. Agustín Thierry espertou o amore dos franceses car' os galos e os franceses primitivos. D'esta familia d'hestoriadores románticos e dinámicos foi Murguía. N'unha época de difizle información, chea de dificultás pr' o investigadore, soupo atopar pol-o menos as grandes vibracíos da vida primitiva de Galiza, conservadas na Tradición e na Leenda; sintiu a irmandade das Familias Célticas aniñadas nas beiras do Atlántico; percorreu coma pudo os cons escondidos da nosa Terra, tendo por rara xuntanza, o talento analítico do eruditio, e o sentimento sintético do escritor que vé a Paisaxe, a Raza e o devalar do Tempo.

Foi moi combatido, con toda clás d'armas, e por moi diferentes pulos; mais xa

na vellez, o lampo da sua vida sinxela e recollida d'ardente traballador, de grande lirico en prosa, envolviao n'unha dindade que por ninguén lle podia ser disputada. O saber, a delor, a vellez, endexamais s-axuntaron orredor d'unha testa tan venerabel.

Pr' os que traballamos pol-o rexurdir da Terra Galega, as páxinas de Murguía, van xuntas ós espertares da nosa pirmeira mocedade. Aquela prosa un pouco antiga dos *Precursors* de *Galicia dos Trocadores*, do *Arte en Santiago*, ten n-istes días un ledo sabor, ainda fora do seu valor científico. Que ben soupo sentir-a sonata malencónica dos seráns de chuvia outoniza, a vida mitolóxica das vendimas, a altitude dos nosos abós ollando con alma lirica a movente longura do mar!

Murguía viviu na sua y-alma e nos seus escritos a Epopeia da Raza Galega, en lembranza do que foi, e en prefiguración do que ha ser; foi o Derradeiro Precursor, e na sua vellez, tivo, coma Moisés, o consolo d'albiscal-a Terra Prometida.

As campáas da Cruña, ainda non hai moitos anos que choraron a morte de Pondal; o mesmo pranto fan hoxe por Murguía. O Hestoriador e mais o Poeta ben poden ir un a caron do outro na sagrada comunión dos Bardos: iles encarnan, na hestoria e na leenda, a y-alma épica da nosa Raza.

A dor que Galiza siente pol-a morte do Mestre, sintea NÓS d'un xeito fondo e punxente.



## DO MEU DIARIO

Dend' o mes de Nosa Señora  
ó mes de todolos Santos, en  
Alemaña.

**X**a noite pechada, chego á Colonia. A Estación cheir'a fume de tabaco inglés. Tendo algo preciso que perguntar vuome cari un señor uniformado, intento falarlle y-o señor, depois de medirme a ollo, virame as costas. Debaixo d' unha luz saco da foltrireira o meu «Manual de conversa», repaso a frase alemá e co-a man no chapeu soletreo a frase diante d' un segundo señor uniformado e cando ll'amos-traba, c'un dedo riba do *Manual*, a frase alemá, reparei, encorado, que o señor xa tiña viradal-as costas... ¡Colonia estaba tomada polos ingleses!

A gran Catedral ten as outas puntas espetadas no azul prusiano da noite.

Pra poder durmir baixo teito tiven que encamíñarme a «Lodging departement». Agardando a vez ensarillei amistiade c'un millonario sudamericán. O millonario e más eu fomos destinados a durmir n' unha miserabel portería. No da *Egalité* prós alleos os ingleses son infusibles ó soplete e inatacables polos ácidos. En non sendo inglés ¿qué más ten ser millonario ou probe?

Dispois de ademiral-a Cat'dral pillei o tren de Berlin. Unha noite de viaxe na que sentin ben fortemente a ledicia de fuxir car'o Norte. E ó rompel-o dia entramos na capital de Prusia.

En Paris unha ducia de obreros poden borrar en dous días todolos letreiros de *Liberté, Fraternité, Egalité*, o que val tanto coma borrar o cuño da República. En Berlin nou hoxe maneira de borrar o cuño do Emperador. As estátuas, os Museos, os Pazos, as farolas.... lo los son moimentos imperiaes. Seria necesario machacar Berlin coma quen machaca unha moeda.

Diante do «Kaiser Friedrich Museum» cavilei que o lema de *Liberté, Fraternité, Egalité* é mesmamente axeitado pra pór no dintel da porta d'un cimenterio. Pero tamén cavilei no ben que lle achearia a todas istas grandezas o letreiriño francés, estampando con esas letras que ten a verba *frágil* nos caixons fauturados en pequena...

Cando a unha muller lle poñemos muitos adornos —plumas no sombreiro, brillantes nas orellas, coores no traxe— ista

muller adequire un valor persoal que non teria vestida con sinxeleza. Velahi o caso do uniforme. A razón de que a muller concorde tanto co militar débese a que os dous teñen o mesmo espírito; por iso a muller d'un sabio enténdese tan ben c'un teniente. En Prusia non é así. Eu ollei nas cabezas rapadas a punta de casco guerreiro que Bagaria lles pintaba nas suas caricaturas xermanófobas. Os militares de onte reventan nos traxes civiles de hoxe e siguen sendo militares anque non teñan uniforme. O uniforme será necesario en Hespaña, poño por caso; eiqui non fai falta pra nada.

O arte novo ten en Berlin unha aplicación consagrada xa no cartel anunciador, e istos afiches en ringleira abrouxan com'os mozos de Hotel na porta d'unha Estación.

N'un *cabaret* alumeadoo mornamente hay homes e mulleres que beberon máis da conta. Rompe a tocal-a orquesta e as parellas aincidentaes de namorados tamén rompen a cantar un fermoso *lied*; é o sentimentalismo que o viño fai nuscer nos peitos fortes. Cantan moi ben e bailan moi mal.

A Sala dos Van der Goes no Museu «Kaiser Friedrich» podía chamarse ben a Sala das vergonzas hispanas, pois todas cantas xoyas hay ali proceden do país de Don Quixote e foron vendidas con menos honra e menos proveito do que se venderon as Carolinas. O cadro que representa a *Adoración dos Reises*, que viveu muitos anos ignorado en Monforte, é agora orgullo diste Museu; tamén é a *Adoración dos pastores* que malvendeu certo príncipe hespánio vai pra vinte anos.... Triste é que perdésemos unha das mellorres obras do místico pintor de leenda; mais eu acabo de saber que xa non está valdeira a parede do Mosteiro galego onde tanto tempo estivo pendurado. Don Guillermo mandou faguer unha boa copia

e regalouna a Monforte pra que Don Alfonso non botase de menos tal obra de arte nos seus dominios.

O *Panoptiken* é un Museu tráxico. A *estoria d'un criminal* arrepia máis que un cartel de cegos cheo de sangue. As figuras de cera están moi destragadas e así son más impresionantes 1.º Un ladrón abre unha caixa de ferro e n'unha cama revolta e luxada hay un home asasinado con medeo corpo no chao e unha perna despida que a luz da linterna proyeuta na parede encaleada. 2.º O ladrón abre unha sepultura y-está no trafego de cortar c'un coitelos os dedos d'unha difunta pra roubarlle as sortixas. 3.º O criminal arma unha na taberna: mortos, sangue, viño..... e a policía na porta. 4.º O criminal, collido xa, declara diante d'unha vítima: un cadávare en coiro, riba d'unha mesa de mármore. 5.º O xuicio na Audiencia (eiqui as figuras teñen a tiña pelada). 6.º A derradeira noite do criminal que ten de ollarse por un buraquiño (o condenado está triste e ten a coor da cera). 7.º O criminal xa ten a cabeza pousada no cepo e ben amarrada por unha correa; o verdugo, vestido de etiqueta, co nariz rompido por algún nemigo, c'un brazo xa valdeiro de serrín ergue o machado... Dispois de visital-o *Panoptiken* compra ir a Catedral protestante, onde un concerto de orgao (todo música de Bach) limpará o meu espírito.

Os hespánios en Berlin enséñanlle a decir porcalladas en castelán ás carhareiras e logo rinse moito. Eu tamen me rio pr'o meu chaleque galego.

O mundo celebrou con danzas o remate da guerra. As danzas non significan a celebración da paz; son a consecuencia da guerra, a continuación na bestialidade. Un espírito futurista non atopará elementos d'esperanza en nada que sexa acollido con agarimo por unha loira que danza c'un negro. E compre decir que hay un arte novo equivalente ó *jazz-band*, un

arte da coor pol-a coor, da música pol-a danza; un arte que se comprende moi ben dispous de botar a bordo un litro de champán. O degocio d'un arte novo faime amar cantas obras sorprenden o meu espirito e axiña me farten e quedo engullido coma un rapaz que se atracou de tarta. A ledicia de sacal-os pes dos zapatitos novos que mercamos hoxe pra metel-os nos zapatos usados que levabamos onte, é perdoando a comparanza, a ledicia de sair do *arte noco* pra meterme no *arte vello*.

No «Kronprinze-Palais» está arrombado o Museu de *arte noco*. Monet, Pissarro e Sisley, recollendo impresións de Natureza co-a intención posta no espectador da obra; Seurat, o técnico, e Signac, o adouquinador, van preparando os nosos ollos. Catro Salas de Van Gogh e alguns cadros de Paul Gauguin sirven de ponte pra entrarmos de cheo nas salas do *Espresionismo*. Ó entrar recibin unha mascada nos ollos, dispous mirei e comprendin... Certo é que foron preparándome pra entrar no *Espresionismo*; mais tamén é certo que, ó desandal-o andado, foron preparándome pra sair á rua. Camiño do *restaurant* merco un xornal que trai unha caricatura representando un pintor *espresionista* que pensa diante d'unha paisaxe: —*Eu debo estar doente. Pois non vexo que a herba é verde!*...

Non hay obra que non poida ter a sua xustificación teórica e o *Espresionismo* ven sendo un esforzo defendido por outro esforzo. Ten tanto de invención a obra como ten a teoria. A obra non está limpa; mais a teoria ten algúns inxertos semitas. Na xerga estética de hoxe os *pasatistas* alcúmanse *naturistas* e os *futuristas*, chamados *espresionistas*, teñen por lema de guerra iste berro absurdo: ¡Lonxe da Natureza! Mais eu non lles dou creto: os alemás non poden fuxir da Natureza, coma os italianos non poden fuxir da Esto-

ria, coma eu non poderei endexamáis fuxir de mi mesmo.

As supersticiós científicas do século XIX non puderon esmagar a preestórica necesidade metafísica de Xermania e a vella alma do Gótico trunfa de todolos racionalismos e materialismos que a tiñan aferrollada. O *Espresionismo* é unha reacción cícais saludabel contra do *Tecnicismo* e siñifica unha volta ós tempos medievaes. O instinto de expresión responde ó despertar en Alemaña dos sentimientos relixiosos e non rifa de todo co *Impresionismo* xa que o colle coma instrumento de representación pictórica, enoblencendo pol-a volta ó espírito do góticu. Dous artistas foron o cumio do *Impresionismo* e representando o remate das derradeiras posibilidades do arte visualista, representan tamén o empezo da renovación artística. Foron: Cézanne, devanceiro dos *cubistas*, e Van Gogh, devanceiro dos *espresionistas*.

Onde primeiramente se sinteu a necesidade de expresar o sentimento foi en Dresden, pol-o esforzo de Pechstein, y-en Munich, pol-o esforzo de Kandinsky. A teoria tivo que estirarse en vaguedades filosóficas pra poder unificar c'unha mesma xustificación as duas tendencias. Por iso unha chea de pintores *ensayistas* de calquera sitio do mundo, que sacan obras da sua cabeza com'as arañas o flo do cù, empezan a chamarse *espresionistas*.... ¡Canté!

No «Konprinzen-Palais» puden ollar das mellores obras *espresionistas*. Max Pechstein, ademirabel de coor, semella sere fillo de Gauguin e neto de Van Gogh; como sabe pintar canto quer, non rifou co-a Natureza. Kandinsky rompeu as suas relaciós co-a Natureza y-eu non pudo nin quero entendel-o; se admitimol-o arte que «xurde da y-alma, a onde non chega nin tan siquera o conceuto das cousas» espoñémonos a que calquera poida cha-

marse pintor. O «puro trascendente» de Kandinsky non pode intresarme máis que issas obras que fan os rapaces esmagando cabezas de moscas na doblés d'un papel. Frank Marc xa é outro cantar; iste artista, morto na guerra, era o máis xurdido representante da fraude sualemana e o máis outo artista do *Espresionismo*; o seu cadro representando catro cabalos e un cuchiño do arco da vella é a mellor obra *nova* que levo fitado: todo parece de vidro transparente tintado de azul e alumeados pos detrás. Dispois poden mencionarse a Otto Müller, Erich Heckel e Kircher; Paul Seehaus e Lyonet Feininger, co-as suas concomitancias cubistas, e Oscar Kokoschka esmagando macarróns cooreados riba d'un lenzo...

Lembrome d'aquel emperador da China que mandou queimar todolos libros pra que a Estoria escomenzase co seu reinado; mais os letrados xuntáronse no bosque e deprehenderon de memoria os libros, asegurando d'iste xeito a tradición oral. Tamén moitos alemás, com os letrados da China, andan deprehendendo, ás agachadas do mundo, algo máis que libros, pra poder continual-a sua tradición.

Nin que decir ten que topei con médicos que veñen deprehender técnica. Os condenados saben moito, moito. Están tan afeitos á mirar microbios que chega un á pensar que os viron e que existen de certo. Están tan afeitos á ollar polo microscopio que non poden falar d'un cáncer sen chamarlle «bonito caso». Os condenados saben moito, moito. ¿Qué estás doente? Pois sácanche cantas cousas poidan do teu corpo, lévanas á laboratorio e dispois xa saben de que mal sofrés. Con todo, istes namorados do experimento semellan unha carta amorosa escrita á máquina. Eu desexaría cabo de min un vello médico, simpático, que fixera rir á miña nai e a miña dona cando sofrisen ó

pé do meu leito. Eu teño presentimentos de que ha matarme un sabio.

¿Sabedes como lle chaman os omnibus que rodan polas ruas, cheos de estranxeiros que veñen visitar Berlin? Pois chámantelle o «carro dos parvos».

Da caricatura moderna non hay nada nos Museus e cométese unha inxusticia. Certo que os grandes caricaturistas alemaños crearon o *Simplicissimus* e non sería ben consagraro oficialmente un ataque ás institucións políticas e sociais que ainda reinan hoxe. Con todo a caricatura enxendrou o moderno arte do anuncio coas suas simplificacións expresivas e as suas síntesis de coor. Do arte do anuncio e do decorativo sintético, nascido do humorismo, xurdiron os pais do *Espresionismo*. Todos sabemos que o arte xaponés ó chegar á Europa desdoblouse nas duas calidades que ten, e o *decorativo* influiu na pintura e o *expresivo* criou a moderna caricatura. Istaas duas calidades viviron arredadas e ó xuntárense aparece o que agora chaman *Espresionismo*. Dispois de todo non haberá humorismo no *arte novo* da Francia nin da Italia; pero eiqui hain-o. A caricatura é un arte expresionista e a caricatura (non a tradución abreviada das cousas senón a interpretación arbitraria das expresions das cousas) é un arte amparado pola teoria do *Espresionismo*. O que pasa é que a caricatura quer ser un arte grande e rifou co anecdótico, mercou pinceles e lenzos e agora fai cadros de Museu... Con todo ningúen poderá convencerme de que unha libra de lan pesa máis que unha libra de plomo.

O gran Pazo do Kaiser Guillermo está pechado agarlando a volta do dono. Amorosamente ábrelo alguhas veces pra que se ventile.

Pasei o domingo en Grunewald fartándome de Natureza. Nas espesuras do bosque sintense risas e bicos; é que a moedá de Berlin xoga os paxaros nos días de

lecer. Na beira das lagoas a xente, en coiro, esgraxea ó sol, derretendo as suas manteigas. Anda, anda... e chego a Potsdam e fártome de fitar Pazos, parques e xardins de encantamento e andando, din c'un camiño negro, enloitado adrede, que me leva á capela onde apodrece a finada muller do Kaiser. I-entrei n'aquel Pazo das ledicias que Federico chamou «Sans souci» e mirei unha galeiria de pinturas, onde locen sobrantes de Rubens, dous cadros do luterano Cranach e un xurdío cadriño holandés que agacha o seu valor na escuridade d'un curruncho. Foi o dia da miña vida que vin máis cousas; derradeo de cansaso guindei co corpo no leito, durmin e tiven un soño: Eu tiña un chaleque de fantasia, unha gran leontina de dublé e paseábame no «carro dos parvos».

O meu pousadeiro é un gran tipo. Battendo co-a man na testa cóntame que quixera saber moito, moito; pero non as cousas que saben os demás senón cousas que ninguén soupeste.—Eu—di il—collo un libro grande de filosofía e anque non-o entendo atopo placer en lel-o todo enteiro. ¡Que país!

Un prusiano pensa que un home do, Luxemburgo, poñó por caso de miudeza é menos que un alemán, pol-a sinxela razón de que o Luxemburgo é moito más pequeno que o seu Imperio. Pensan coma pode pensar un castelán. Tamén n'unha relación de mortos, clasificados por profesión calquera pode ollar que morren más labregos que Bispos mais compre-

decatarse que un Bispo está tan perto da morte coma calquera labrego. Non; un home do Luxemburgo é tanto coma un home da Alemaña e ainda máis pol-a probabilidade de non morrer na guerra...

Pol-as obras de *arte novo* que levo mirado pode decirse que na Alemaña, como na Francia, iniciouse unha volta ó academismo, co-a diferencia que vai ante Hans Von Marées e Ingres. O academismo, dispois de todo, é un bó remate da corrente artística nascida contr'o naturalismo. Como agora todo corre tanto, eu agardo que dispois d'un pouco de academismo voltaremos a Natureza, co centro director do arte máis alá da retina.

As miñas notas —que son moitas— en col dos Museus de Berlin non podo arriscarme á publical-as. Calarei por medo a desbocarme. Pra poder discurrir compre coñecer ben a significación xusta d'unha chea de verbas e tal cousa é allea ó meu negociado... ¿Qué que decir *realismo*, *naturalismo*, *verismo*, *visualismo*, *simbolismo*, *idealismo*, *espiritualismo*, etc.? Candoo istas verbas sexan esquecidas ou ben coñecida a su significación, poderei eispliarme...

Hoxe fun ó Consulado de Baviera en Berlin pra solicitar permiso de residencia en Munich. ¿Qué vos parece, centralistas idiotas?

Deixo Berlin sen migalla de sentimento. Non levo na memoria nin malas nin boas lembranzas.

**Castelao.**

(A seguir).





## PAPELETAS CERVANTINAS A O MARXE DE GALIZA

### I

Pessoas que figuran na aventura dos carneiros (Cap. XVIII da primeira parte do Quixote).

**A**unhos cantos milleiros chega xa o número de comentarios, notas críticas, observaciões, e dos estudos que se teñen feito do Quixote por cervantófilos cordoveses, sevillans, manchegos, valisoletans, vascos, aragoneses, catalás, madrileños, ingreses, alemás, franceses, italiani e americanos.

Somentes Galiza sigue silenziosa, coma si Don Quixote fose a persoificación da y-alma de Castela e Cervantes de pura raza e psicoloxía andaluza, tendo roubado a aquil pobo a gracia toda e a donosura do seu estilo incomparabre.

Non, o mais insine dos Saavedras, dos Cervantes e dos Pimentel Sotomayor, e acollido á amparanza do gran Conde de Lemus, de Sarria, de Villalba e de Pontedeume, Don Pedro Fernández de Castro, non somentes ostentou apelidos pura e netamente galaicos, senón que o seu espírito e a sua psicoloxía era

da nosa raza; e noso, mais que castelán, foi o meirande dos cabaleiros andantes; o que serviu coma pedra de toque pra flaxelar os homes da corrompida e desgraciada sociedade do seu tempo, tan sombrilante por disgracia á nosa. Don Quixote foi a persoificación da protesta da y-alma más grande e xenerosa da España do seu tempo.

Quitando o Padre Sarmiento e unha ducia escasa más d'escriptores rexionaes, cantos dos nosos paisanos fixeron un labor que poida compararse, non xa co dos escriptores ingreses, alemás, italiáns ou madrileños, senón co dos cordoveses ou sevillans e ainda co dos catalás?

Endexamais Galiza contou c'unha pléyade tan brillante d'escriptores com'a que oxe é orgullo da nosa terra: periodistas, novelistas, dramaturgos, poetas líricos, dende Rey Soto ó incomparabre Valle-Inclán.

Mais xusto é que xa que os artistas do lenguaxe desertan de tan patriótica labor, nos botemos a ela os últimos, os desconocidos e anónimos soldados de fia, os que non temos título nin autoridade ningunha pra emprendermos un labor d'esta clás; xa que non temos que ganar nada nin nome que perder; pra ver si co eixemplo espertamol-a atención dos distraídos poetas, dramaturgos, novelistas e periodistas, e faguemos que sigan o nobre eixemplo dos escritores d'outras rexións.

Esto é o que nos levou a esborrancharmos unhas cantas papeletas cervantinas, que xa nos dariámos por satisfeitos chegasen en número, xa que en calidade é imposible, á milésima parte das que o doutíssimo director da Biblioteca Nacional don Francisco Rodríguez Marín levaba feitas cando iniciou a publicación anotada e comentada da sua edición do Quixote.

Veñan outros correxindo e emendando os nosos errores e escrarecedo non somentes a letra senón o verdadeiro sentido da obra imortal; a ensequential-o imenso tesouro legado polos vellos cervantófilos.

»»»

Cap. XVIII da primeira parte do Quijote: "Donde se cuentan las razones que pasó Sancho Panza con su señor Don Quijote, con otras aventuras dignas de ser contadas." (tomo 2.º da edición anotada por D. Francisco Rodríguez Marín, Madrid, 1917).

Refirese esta papeleta somentes ós persoaxes que Don Quijote creeu ver na aventura dos carneiros:

"En estos coloquios —di Cervantes— iban Don Quijote y su escudero, cuando vió Don Quijote que por el camino que iban venía hacia ellos una grande y espesa polvoreda, y en viéndola, se volvió a Sancho y le dijo:

"—Este es el día joh Sancho!.... etc."

"—Señor, pués ¿qué hemos de hacer nosotros?

"—¿Qué? —dijo Don Quijote— Favorecer y ayudar a los menesterosos y desvalidos. Y has de saber, Sancho, que este que viene por nuestro frente le conduce y y guía el gran emperador Alifanfarrón, señor de la gran isla Trapobana; este otro que a mis espaldas marcha es el de su enemigo el rey de los garamantas, Pentapolín del arremangado brazo, porque siempre entra en las batallas con el brazo derecho desnudo.

"—Pués porque se quieren mal?....

"—Quiérense mal —respondió Don Quijote— porque este Alifanfarrón..... y está enamorado de la hija de Pentapolín, que es una muy hermosa y además agraciada señora y es cristiana. ....

".....viendo en su imaginación lo que no veía ni había, con voz levantada comenzó a decir:

"—Aquel caballero que allí ves de las armas jaldes, que trae en el escudo un león coronado, rendido a los pies de una doncella, es el valeroso Laurcalco, señor de la Puente de Plata; el otro de las armas de las flores de oro, que trae en el escudo tres coronas de plata en campo azul, es el temido Micocolembo, gran duque de Quiriccia; el otro de los miembros giganteos, que está a su derecha mano, es el nunca medroso Brandabarbaran de Boliche, señor de las tres Aralias, que viene armado de aquel cuero de serpiente, y tiene por escudo una puerta, que según es fama, es una de las del templo que derribó Sansón, cuando con su muerte se vengó de sus enemigos. Pero vuelve los ojos a esta otra parte, y verás delante.... al siempre vencedor y jamás vencido Timonel de Carcagona, príncipe de la Nueva Vizcaya, que viene con las armas partidas a cuarteles... y trae en el escudo un gato de oro... con una letra que dice: *Miau*, que es el principio del nombre de su dama, que.... es

la sin par Miulina, hija del duque Alfanquen del Algarbe; el otro... el otro que... trae las armas de los veros azules es el poderoso duque de Nervia, Espartaflardo del Bosque, que trae por empresa en el escudo una esparraguera...."

O Sr. Rodriguez Marín, n-unha das suas numerosísimas papeletas cervantinas (pax 78 do devandito tomo 2º) di: "Comienza aquí la enumeración de una cálila de personajes no tan fantásticos como algunos piensan; pués, a lo que sin pecar de visionario puede colegirse, envuelven alusiones a otros sujetos de carne y hueso, a quien Cervantes conoció, o de quienes tuvo noticia" (1). D. Aureliano Fernández Guerra... acentuando algunas conjeturas... probò a descubrirlos y revelarlos."

"También yo —engade o Sr. Rodriguez Marín— eché mi cuarto a espadas en esto de inquirir y conjeturar y pendiente de los últimos retoques... tengo un folleto que intitularé *Timonel de Carcavona y Espartaflardo del Bosque. Disquisiciones históricas literarias.*"

Descubriu o Sr. Rodriguez Marín que "el otro.... que trae las armas como nieve blancas y el escudo blanco y sin empresa alguna, es un caballero novel de nación francés, llama-lo Pierres Papin, señor de las baronías de Utrique", fué un francés de ese nombre, que tenía tienda de naipes en Sevilla, en el último tercio del siglo XVI."

Valla pol-o que valera, e ainda cando o estrevemento de se lanzar a escrarecer (hipoteticamente crar'está) un pasaxe do Quixote, constituya una verdadeira ousadia, en quen carece de toda base pra tal empresa, coma o uneco que co-elo se pode

(1) Navarro Ledesma na sua *Vida del Ingenioso Hidalgo Don Miguel de Cervantes Saavedra*, indica a ideia de qu'os nomes dos guerreiros d'Alifanfarrón e Pentapolín, serían alcumes que se daban por burla nos braços da picareza de Sevilla.—N. da D.

perder é o papel e más o tempo, imos enxergar unha micocolembica e alifanfarrón ca opinión sobre de quen por algúns indicios pensamos que podan ser dous ou tres dos persoaxes-carneiros citados por Don Quixote.

Aquel valeroso Laurcalco, que trai no escudo un león coroado, señor da Ponte de Prata, moi ben poidera ser un dos muitos Balboas que viñeron a Toledo a s'acollerán baixo da fecunda e benfeitora sombra do seu parente o Eminentísimo Señor Cardenal, pois teñen com'escudo un león sobre ondas, e o nome de Laurcalco podería ser en alusión ó val do Lor, en Quiroga, e n-esta hipótese, facile habría ser darmos co auténtico Balboa a quen se referiu Cervantes.

O da Ponte de Prata ven compicar e facer más difícil a solución, por canto pódese apricar a máis d'unha familia.

Canto ó gran duque de Quirocia, ó temido Micocolembo, a cousa é moi crara; por canto o nome de Quirocia é o de Quiroga lixeirísimamente desfigurado. E ainda cando non foi endexamais conde nin duque de Quiroga, por moito más o terian na sua pequena corte ó gran Cardenal, Presidente do Consello de Castela, privado de Felipe II e arcebispo de Toledo, Don Gaspar Quiroga (anos 1577 ó 1594); e si tampouco se chamou Micocolembo, algún teria dado á familia de Cervantes ou á da sua credula muller, qu'o fixera acreedor a figurar na cálila borreguil de persoaxes que Don Quixote sacou á vergonza púbrica.

Chamouse en vida Don Rodrigo Losada Quiroga Ribadeneira; foi fillo de Don Xan Quiroga Losada, xeneral en socorro de Chile (morto en 1575), señor da casa de Carballido e capela de San Xoan (na eirexa do Hospital de Quiroga, da Orde de San Xoan de Xerusalem); pai de Don Xan de Losada Escobar, capitán na Italia, e sobriño ou primo segundo da Sua Eminenza

o Cardenal Quirogá. D'esta familia é sucessor direito na actualidade, o conde de Gavia e marqués de Mudela, Don Francisco Losada de las Ribas, senador e xentil home da S. M.

O Cardenal Don Gaspar de Quiroga naceu en Madrigal no ano 1513, mais o seu pai foi da casa do Pacio, de Quintá de Lor (en Quiroga) e o seu abó, Don Alvaro de Quiroga, foi comendador do Incio (da Orde de San Xoan) na cuia eirexa conservase o seu sepulcro, con fermosa estatua sepulcral, mandada facer pol-o seu agradecido neto. Era parente do conde de Lemos, coma se pode ver na *Crónica del Gran Cardenal Pedro G. de Mendoza* (pax 287, cap. 14 e seguintes) de Pedro de Salazar.

Don Gaspar de Quiroga, arcebispo de Toledo no ano de 1577, Cardenal, Presidente do Consello de Castela, privado de Felipe II, morreu o dia 15 de Santos de 1594. Mandou qu'o enterraran en Madrigal. O seu corpo foi a esta vila "acompañado de unhas 1.500 personas, parientes, deudos, y criados. Tuvo gran casa de criados con hábitos de todas las órdenes militares."

Veleiqui d'onde sairon os carneiros da aventura na que Don Quixote creeu ver persoaxes.

Foi o Cardenal de rostro alegre e o cabelo e barba rubios e moi composto, ou sexa que tiña os carauteres propios da raza sueva, á que pertencia Cervantes.

Engade o seu biógrafo: "que era del linaje de los Valcárcel y Balboa, y que le oyeron decir que no le enterrasen en sagrado si fundase mayorazgo."

E si non os más achegados, qu'o foron sen duda os Quirogas, Losadas, Saavedras, Ulloas, etc. pol-o menos deberon estar en maoria a carón d'il, os Balboas e Valcárcelles, como o proba a aventura de que nos ocupamos.

Que outro probabemente, que un Valcárcel, habia ser o duque de Nervia, que

trai "por empresa una esparraguera?"

O escudo dos Valcárcelles, formado por cinco estacas, produz ise efecto, sendo farto felis a comparanza cervantesca; e canto ó de Nervia, poderá ser alusión a Navia (de Suarna) qu'os Valcárcelles señoreaban? E a lixeira *cebra*, será pol-o Cebreiro? terra dos Valcárcelles que linda co concello de Cervantes.

Ainda qu'o Cardenal non fundou mayorazgo con doblós seus fundouno o seu sobriño, o referido Rodrigo Losada Quiroga, asegur refire o Padre Gálara en *Armas y triunfos de Galicia* (pax. 235) onde di: "Casa de Carballido, de los Quirogas capilla de San Juan Bautista, fundó mayorazgo de dicha casa, capilla y hacienda... y el Cardenal Quiroga... siendo Arzobispo de Toledo *izo poner algunos estandartes de los hombres insignes de este apellido* bendiciéndolas él y embió su capelo para que se pusiesen conellos en dicha capilla *reconociéndose por descendiente de aquella casa*, mandando 20 ducados para reparos de la capilla (consta del testamento de D. Rodrigo de Quiroga)".

Consérvanse na capela, da que pretendeu facer o Cardenal algo imitante ó panteo do Escorial, pr'os do seu linaxe, muitos sepulcros e lousas sepulcraes cos escudos dos linaxes do Cardenal e n-ela figuram os dalgúns dos que Cervantes immortalizou no seu libro.

E o endexamais medroso Brandabarbaran de Boliche... "que viene armado de aquel cuero de serpiente y tiene por escudo una puerta que según es fama es una de las del templo que derribó Sansón..."

Asegur unha antiga leenda relixiosa, probablemente da época visigoda, que logo recolleran pra o seu nobiliario os Saavedras, en terra de Saavedra (nas lagoas de Santa Cristina) había un templo pagao, de que a porta achábase gardada por unha grande e espantosa serpe a que

matou, asegun o panexirista da casa de Saavedra, o fundador d'esta, novo San Xurxo, tirando logo co-a porta e más co templo, que ficaron solagados na lagoa (caso qu'esta leenda e a de San Xurxo non sexan unha mesma).

A esta leenda, tan conocida e familiar pra Cervantes S avedra, coma pr'o señor da torre de Saavedra e coto d'Eiriz, Saadra e Bolaño, é a quen se refire o do coiro de serpe, e más o da porta e o templo que desfixo Sanson, e cecais non sexa o Boliche outra cousa qu'o apelido Bolaño pouco desfigurado.

De se non referir a Saavedra Bolaño, aludirá probablemente a Don Pedro Vz. de Losada, da casa de Santa Cruz de Bolo, curmao do Cardenal, do que fixo Cervantes o *Boliche*, ou os Quirogas de Villoria, que señoreaban a mõr parte da terra do Bolo (hoxe partido xudicial de Viana do Bolo) parentes cercanos seus.

Non sei quen poda ser aludido co titulo de príncipe da Nova Vizcaya, Timonel de Carcajona; somentes no caso de que Carcasona fose Carcasia (Padrón) poderíamos sospeitar s'aludise a Antonio García de Saavedra, "Nieto de García de Iousada e quiroga y María García de Saavedra" señores da casa de Lantaño, ainda cando pareceme moi dudosa esta hipótese. Creio mais probable refirarse a un persoaxe compretamente estranho a Galiza.

Quen foi a princesa Miulina?

Xa temos indicado qu'o Cardenal era oriundo da casa-pazo de Quinta de Lor, asegun os seus biografos. Pois ben, Don Antonio Losada Somoza e Quiroga era n-aquiles tempos, Señor do coto de Villameau (no Bolo) e do pazo do Lor, parente do Cardenal; tivo un fillo chamado Francisco Antonio Losada de Villameau e unha filla, Leonor Losada Somoza, que casou con Xan Arias, da casa de Masid, no val de Lemos.

Foi a princesa Miulina, en cuio nome aludeu ó da casa de Villar *meau*?

Daria lugar a sua estancia en Toledo a algunha rifa na que tomaran parte os bandos dos pretendentes?

Somentes unha lixeira sospeita, sen base segura, podemos apuntar ó caso.

A circunstancia de chamarlle filla do duque Alfeñiquen do Algarbe, que sen duda foi Fernan darias, señor do Castellar e do Viso, *Alfaqueque* mayor de Castela, alcalde mayor de Utrera; con derecho de cobrar 10 ducados por cada mouro que se rescata, que estivo en Lepanto, descendente por Doña Leonor Martel da casa real de Francia, fainos tamen sospeitar que aluda a unha filla d'iste.

E que relación pode ter o alcalde mayor d'Utrera, oriundo de Francia e Alfaqueque de Castela (Alfeñiquen del Algarbe) co Pierres Papin, "señor de las Barrias de Utrique (Utrera)? Difícile, senon imposible é desentrañar esto sen novos datos qu'o escrarezcan algo.

Ou o Pierres Papin do Quixote teria o seu orixin en Pierres Paian, irmaus de sangue dos reis de Hungria, que viñeron a Castela no tempo d'Alfonso VI, de quen se tiñan por descendentes os Fonsecas e os Coutiños? (Nobiliario de Piferrer, pax. 459). Niste caso facile seria atopar na pequena corte do Cardenal, ó Pierres Papin aludido.

Foron no anemo de Cervantes, duas persoalidades distintas, a fermosa filla de Pentapolin o do arremangado brazo, e a princesa Miulina, filla do duque Alfeñiquen de Algarbe?

A que chamar a esta Miulina, de Miau, que tan ben cadraba á filla de Losada Somoza, señor do pazo de Lor e de Villameau, e a que revolver e misturar a Pierres Papin co Saavedra, Alfaqueque mayor de Castela e alcalde de Utrera?

Moito queda por acrarrar, mais abundame a mostrar o rastro que se debe seguir

pra se non estraviar, en escritura tan intencionalmente escurecida polo seu propio autor.

Quen sepa máis ou teña outros datos que modifiquen, corrixan os conocidos, ou señalen novos vieiros, que os espoñan,

que estas investigacións deben ser máis obra colectiva que non producto do esforzo individual.

Xaquín Arias Sanxurxo.

Monforte de Lemos, 4-1-1923.

## SEICIÓN ARQUEOLÓXICA

O redor do fervente galeguismo d'Antón Losada Diegues, Profesor d'o Istituto de Pontevedra, formouse n'aquela cidade unha Xuntanza d'Estudos n'a que traballa un fato de rapiaces cheos do mais grande amor á Terra, dominando a eidea d'axudar á degradada formación da historeia de Galiza.

Co-a súa grande e froitosa esperencia e co-a xenerosidade dos seus fondísimos conocimentos n'a arqueoloxía galega don Casto Sampedro, Presidente da comisión arqueolóxica de Pontevedra, dou quentura a este novo movemento ó que tamén leva a súa axuda artistica sempre varil y-enxebre Alfonso R. Castelao.

C-o sinxelo propósito de ollar e comprobar exemplares do orixinal arte rupestre galego (1) comentado xa por Cabré, Gomez Moreno y-Obermaier fixo a nova Xuntanza de Pontevedra escursións que nos seus comenzaos deron mais froito do que s-agardaba.

Esta nota non pode ser ainda un estudo, qu-o seu tempo sairá, senón mais ben un index e pequena impresión.

Na parroquia de Ponte-Sampayo, onde chaman o monte da Crús, estudiáronse pedras riscadas, un dubidoso *cromlech*,

y-unha pedra abaladoira. Desperta a curiosidade o lugar pra un detido estudo: ali preto tiñase atopado xa un machadío de bronce.

Na mesma parroquia, mais enriba do lugar do Rañadoiro, no Chan das Cruces, presentase ó estudo unha intresantísima estación. N'un outeiriño ollando o Chan aparecen en tres grandes laxas dibuxos rupestres a eito, de característica galega. Preto, un dolmen indudabel y-unha pedra abaladoira. É craro que n'unha mais detida observación toparianse materiais d'estudo abondo.

Na parroquia de Domayo, n'a Cidade (1) de Montealegre vironse *Kjokkenmoeddings*, n-os que s-atoparon moitos anacos de cerámica, algúns ornamentos, osos, instrumentos neolíticos, muiños de man, etc. Trátase d'unha froitosa estación arqueolóxica, n-a que eisisten vivendas circulares, manifestacións megalíticas, mostras d-insculturas rupestres e penedos con *fosses*. Diante tal requeza é perciso un traballo metódico y-un estudo feito de vagar. En NÓS sairán de cote comentarios ás descubertas feitas. Pol-o d-hoxe somentes pódese adiantar qu'unha vés más atopase demostrada a hirmandade ausoluta da prehistoria galega e do Norte de Portugal.

Antón Iglesias Vilarela.

Octavio Pintos Lois.

(1) Os mais d'estes exemplares, anque algúns xa eran conocidos ó tempo da saída da Historia de Galicia de Murguía (1865) foron dados por don Casto Sampedro co-a colaboración do inesquecible e xenial artista Enrique Campo. Ramón Sobrino, Director do Istituto de Pontevedra, en repetidas e froitosas esploracións fixo unha fermosa colleita de novos exemplares. Duns y-outros aproveitáron Cabré e H. Obermaier.

(1) Nome en Galiza que val o mesmo que Clitia ou Cividade en Portugal, no senso arqueolóxico.

## A PINTURA GALEGA

## O SEGUNDO SALÓN FERROLÁN

**A**NTRE as manifestacións de conxunto celebradas polos pintores e dibuxantes galegos no ano 1922, compreñen siñalar, pola sua importancia, a exposición que estivo aberta no Ferrol o derradeiro mes de Setembro.

Uns cantos entusiastas amigos do Arte, dirixidos pra detalles de execución por un arquitecto e un pintor profesional, organizaron iste certame, contando pra elo o amplio salón do "Círculo Mercantil", e coa certidume de seren axudados pola vila enteira.

Foi pensamento dos organizadores donarelle ao II Salón Ferrolán toda a trascendencia posible, relacionando polo seu espírito coas exposicións de arte galega comprendidas no ciclo que encomenza no 1912 e que tende a facilitar o desenrolo e independencia estética da nosa pintura. Por ista razón, ademais de terse percurrido insistenteamente o concurso dos principais mestres galegos, púxose especial interés en faguer resaltar os valores novos e estimular as novas vocacións, acollendo a obra de todos aqueles artistas que, polo seu temperamento pictórico, fixeran persentir felices e renovadoras arelas no seu labor do porvir.

Chegaron a xuntárense 130 obras, e a instalación que se lles fixo foi moi luxosa e afiuzada, rompendo con tradicionaes preceutos e seguindo en moito as tendencias manifestadas en recentes exhibicións de cadros, postos do xeito razonado e audaz que pode caracterizar hoxe no dia os métodos de un Breuhau. Claro está que, diante de ista novedade, si así pode chamárese, non fallou o divertido e inevitable lamento de algún que outro "filisteo"; emporiso, a persentación do II Salón ferrolán reputouse en xeneral como un aceite e un exemplo. O local achábase dividido en varias seccións pra xuntar en cada unha de elas a obra de cada un dos artistas que con-

curriron con un núcleo de cadros relativamente grande. D'este xeito, o labor dos pintores ollábase arredadadamente, sin os incomodidades que ocasiona a misturanza e vecindade de producción de artistas diferentes. As seccións tapizáronse con ricas e fermosas teas e adornáronse con froles a cito. Compretaban a suntuosidade do conxunto antigos mobles galegos e xurdias pezas de cerámica, nosa tamén na suá mór parte.

Os medios pra chegar a unha realización tan notable foron proporcionados polo Auntamento i-especialmente polo comercio ferrolán que deu unha nota de cultura, de desentres e de entusiasmo verdadeiramente dina de lembranza. Expriase ben o aprauso espontáneo que algúns xornaes dos centros artísticos da península adicaron a ista singular colaboración, sinalándoa como un trunfo do espírito moderno.

Outra das notas simpáticas do período preparatorio da exposición, dérona os cartés artísticos que a anunciaron e que, segundo o costume local, exhibironse nos escaparates dos comercios. Iste cartés foron moitos e moi bóns. Pintáronnos a señorita María Cabo, os Sres. Abelenda, Carmelo e Valentín Castro e o neno Xaime Deus. E intresante consñare que moitas de estas obras achábanse compostas con elementos inspirados na flora galega: as simbólicas e lanzales estilizaciones do toxo estableceron cícais nelas, por primeira vez, un prestixio e unhas posibilidades que han tere rexa confirmación no porvir.

\*\*

Analizar unha manifestación artística como a do II Salón ferrolán é un labor ateigado de dificultades, porque non abonda ponderar o valor esencial de cada cadro, sinón que é mèster estimar cuidadosamente o que a obra mais modesta aporta a ex-

posiciones que, como a do Ferrol, poden clasificárense de *constituyentes*. Non hai que istralal-a verba: dende o momento en que o espírito da raza xuntou en divisa as duas palabras *pintura galega*, todolos nosos artistas interesáronse mais ou menos por un ideal que se presentaba acuñado de cousas novas e misteriosas. Nos primeiros tempos houbo, naturalmente, a indecisión que imponen de cote os caminos desconocidos, pero moi axiña os éxitos de algúns artistas e, por riba de todo, os das grandes exposicións colectivas de arte galego, fixeron redoblal-o esforzo dos afiuzados e axuntaron ao movemento aos retraguidos. Hoxe no dia pódese afirmare que, dos pintores nados na Galicia, son poucos os que non arelan que o seu arte sexa xenuinamente galego.

Ben mirado, elo quer dicir simpremente, que o que istes artistas desexan é expresar de un xeito persoal e ceibe de prexuicios e de influencias istralas, un feixe de cousas que non foron tratadas deixa agora pictóricamente ou foron con pouca fondura. O papel que en todo isto representa a idea nazionalista é de reclamal-a téunica e a atención dos artistas pra un tesouro estético cásque intuto n'iste aspecto, que o pintor ollaba denantes con certa nugalla, debido xeneralmente a que camiñaba no mundo do arte cosmopolita un pouco desorientado ante contraditorias rachas de modalidades caprichosas e pouco consistentes.

Aos azos renovadores axúntanse o sentimento da dinidade e a orgulleza da raza nun romántico e tentador desexo de faguer xurdir con força unha arte coma a da pintura un pobo que, deixa agora, non poidera manifestalo de un xeito craro e potente. Cicais non sexa doado pra unha soia xeneración abranguer a realización completa d'ista obra trascendental. Os elementos vanse axuntando traballozamente, sobrevenen, ademais, a dura loita coas infuencias alleas que perduran nas imaxinacións e impiden afondar doadamente na esencia das nosas cousas: os momentos de agora son, realmente, pra os artistas galegos, momentos de turreada emulación. A iste período de axuntamento de forzas, de elaboración de unha nova estética, de rebusca de modalidades carauterísticas da alma de unha raza e de un país, é, por

conseguinte, ao que hai que referir ista exposición de que nos estamos ocupando, así coma todalas outras de arte galego posteriores ao 1912.

Con abraiantes teorías, en nome da estética moderna, vense combatindo rexamente a tendencia nazionalista no arte. Mais os feitos encárganse de defendela, pois si ben é certo que unánimemente se proclama o fondo común e universal das Artes non-o é menos que endexamais puxeron os pobos tanta enerxía en patentizar o carauter propio e inconfundible das suas. Séxanos permitido copiar, a xeito de mostra de coma se ven enfocando o asunto, os seguintes falaclos tomados do Catálogo da Exposición de Arte Russo (Paris 1921): *Deixa hoxe—esquirla Mauricio Paleologue—o público francés non tivera ocasión de asistir a unha manifestación tan carauterística. Nas numerosas exposicións rusas que se sucederón en Paris desde 1906 as obras achabanse moi misturadas. A maior parte das teas, ainda as mais intercantes, deixaban adivinar a disciplina ou a fascinación de unha escola extranjeira. Ista teas firmábanas certamente nomes rusos, mais a inspiración pirmeira, a escolleita dos motivos, o orde da composición, a rebusca das armonías, a orquestación das coores, en unha verba, todolos procedimentos de fautura e ainda o espírito íntimo da obra, levaban a marca extranjeira. Hoxe, visitando a exposición que se abriu n'estes días, exprimentase pol-o contrario a sorpresa e a ilusión de achárese un de sócato transportado en prena Rusia, porque todos os cadros son esencialmente rusos pol-a personalidade inteira do pintor, pol-a sua visión dos seres e das cousas, pol-o seu sentimento do coñido, pol-o acento do dibuxo, pol-a sua interpretación de paisaxes e facianas, i-en fin, por todo o que a raza, o atavismo, a terra natal, a relixión, a costume, a hestoria, imprimen de específico e de fondo no temperamento de un artista.*

*Mais a ilusión non fire sómentes os nosos ollos e o noso espírito: chega tamén ao curazón. I-é que, en efecto, un pensamento que comunove, un sentimento de grande elevación presidiron iste certame. Os organizadores quixeron probarlle ao mundo inteiro que a Rusia está decote chea de vida e que os seus fillos dispersos manteñen piedosamente a sua imaxe santa no fondo da sua i-alma...*

O testemuño é ben prestixioso e ben

recente, i-expresa pensamentos semellantes en moito aos que evidentemente provocan a expansión do arte galego contemporáneo.

\*\*\*

Sin habérense axuntado no II Salón ferrolán obras de tantos autores e tendencias como nas derradeiras grandes exposicións galegas, pode emporiso decirse d'il que tivo unha significación tan intensa como aqueles, e, si cadra, mais percisa. As obras expostas agora no Ferrol pertencían exclusivamente a tres xéneros: o retrato, a paisaxe e o dibuxo imaxinativo. A mör parte de ista produción desenrolábase en dondos acordes de coor e soio n'algún caso illado chegaba a estridencia. En moitos dos cadros manifestábase unha tendencia—acaso instintiva—a suxerir sensacións de misterio e de ensono. En conxunto, todo iste arte, dando mais atención ao pensamento que a forma, cantando n'unha escala cromática xeneralmente baixa e desencartándose cásque decote n'unha téunica concenzuda, arredábase abondo do espírito de craridade latino e acusaba enérxicamente o temperamento de un pobo do norte.

Moitas das carauterísticas que finamos de citar como comúns a cásque todal-as obras da exposición, evidenciábanse categóricamente nos tres cadros de Alvarez de Sotomayor instalados no posto de honor do Salón. Eran istes: "Retrato do pintor Helsoy", "Mulleriñas" (obra que o autor regalou ao pobo ferrolán) e "Nai e filla".

O pirmeiro, pintado no 1909, é moi coñecido polos trunfos que con él outivo o mestre galego en varias exposicións extranxeiras. Hoxe dita pintura pertence ao Museu de Chile. Os outros dous cadros foron feitos recentemente.

Nada mais oportuno que a comparanza d'istas tres obras, realizadas en épocas tan distintas, pra convencerse de que no arte de Sotomayor foi nido decote o espírito da raza nórdica. A critica hespánica debeu de enxerguelo eisi ao asiñar as obras de Sotomayor certa aboaenza coas dos retratistas crásicos ingreses, influencia un tanto istrana e soio espicabre pol-o mandado imperativo do temperamento, porque So-

tomayor formouse pictóricamente en Madrid i-en Roma. Tal influencia, ademais, se non refire dende logo a procedimentos, sinón a espiritual elegancia e ao poético misterio que xurde dos seus retratos, levando a imaxinación a un mundo de vagas e inefabres ideas, dixéramos que musicas, evocadas pol-o acorde crómático, cásque decote en tono menor; e, como unha indefinible lus, inquedante no fondo de iste misterio, a psicoloxía do individuo retratado expresada con rexa fondura.

Eisi socede c'o retrato de Helsoy. Si n'algún tempo chegase por un milagre a sere esquendido o nome do seu autor, se lle non ocurriría a ninguén referilo aa pintura hespánola da época en que os fulgores da paleta de un Sorolla refrexábanse pouco ou moito nas obras de todolos seus colegas da península.

Moitas persoas, pouco impostas da carreira artística de Sotomayor, xusgaron, ao contemplar no Salón ferrolán os cadros "Mulleriñas" e "Nai e filla", que nos anos que trascorren dende que pintou o "Retrato de Helsoy" operáranse grandes troques no pensamento que rixe a obra do mestre. Sotomayor nada fundamental tivo que reutificar no seu arte, porque iste áchase afincado en principios sólidos e responde sinceiramente ao seu temperamento. Acentuou, si, moito, a su preferencia polos temas galegos, e digo acentuou, porque xa denantes de 1909 Sotomayor tiña pintado admirables calros reproducindo tipos de aldeans galegos. Agora, nos derradeiros anos, sobor da base das frescas coores dos nosos traxes tradicionaes e carauterísticos, orquestou maravillosos acordes de coor pra acompañar o seu canto aa pura e sinxela raza galega, saudada todolos anos por el n'unha decote renovada e aíidente pelengriñación aas terras de Bergantiños.

E a ista grande riola de producións inspiradas en xenuinos motivos galegos aa que pertecen os citados cadros "Mulleriñas" e "Nai e filla". Mais que cadros de costumes, son verdadeiros retratos de labregas, sendo n'eles, o mesmo que no retrato de Helsoy, o rasgo dominante, a fonda intencion psicolóxica e unha misteriosa musicalidade. Como execuciou, estas tres obras, singularmente o "Retrato de Helsoy", xustifican o xigantesco prestixio do mestre galego.

Foi unha cousa moi curiosa n'iste segundo Salón ferrolán, decatarse de como ao rente d'istas rexas obras de pintura integral que finamos de citar, se sostinha firmemente o arte do dibuxante cruñés Alvaro Cebreiro, representado n'ista ocasión por varias caricaturas, ou mellor dito, por unhas dibuxos admiravelmente suxeidores, de liña bela i-expresiva e de sorprendentes interpretacions. Algunhas d'eles, como o retrato de Castro Gil, eran unha maravilla de resolución; no seu xénero unha verdadeira obra maestra. Moi notables tamen os retratos de Risco e de Villar Ponte.

Elena Olmos, fermosa discípula de Sotomayor —muller admirabre por todos conceitos— aportou aa exposición catro obras das caaes o "Retrato da Vizcondeza de Palazuelos" foi unha das mais considerables que se presentaron. Pertender que todolos cadros galegos refrexen a pracidex ou a fosquedad da vida do campo, ou que canten perpetuamente a enxebreira da raza, cicas sexa limitar demais a esfera de aución do artista. Que os que chaten o arte de Elena Olmos de pouco galego consideren que refrexa de unha maneira perfeuta a crara ledicia e o discreto optimismo de un pobo ridente e cosmopolita, como a Cruña, sin exceutar o seu atañable intrés polas cousas típicas, intrés que en moitos casos non pasa certamente de ser un préstamo de atención *chic* e indulxente. Veleiqui por qué "Adela e Rosalia", duas simáticas rapazas cruñesas, asomáronse vestidas de aldeans a un cadro de Elena Olmos, tan ateigadas de expresión e de vida que revolucionaron ao público un pouco ausorto das exposicións. Ista tea, por si soia, diría hastra onde pode chegar a xuvenil pintora cruñesa, sinón o anunciasi intensamente seu outro cadro "A nena das baranxas", vibrante e delicioso estudio en marellos e grises craros, e por riba de todo, o "Retrato da Vizcondeza de Palazuelos, de serea e aristocrática fatura.

O arte de María Corredoira foi moi discutido, e dende logo, mal enxerguido. Expuxo un conxunto de quince obras, de factura fácil e selmosa. E pintura fina de matiz, musical, i-emporiso, baruda, sin concesións ao *bonito*, catando decote o verdadeiro. Ama os temas homildes i-escuros que realiza con téunica moi nova. O seu

arte, con ser forte, ten un non sei qué de melancónico que fai lembrar o do percursor Carreró, tan ateigado de espírito scutentrial. As veces hai tamén nas obras de María Corredoira un refrexo de amarela vida herculina, i-eisí, ao rente de intensas producións adicadas aa traxedia dos miserios, como por exemplo "Noitebras", persentou señorís retratos de damas cruñesas.

Manoel Abelenda fixo destacar no Salón ferrolán, ante unha bela serie de paisaxes, douis simpáticos cadros de figura nos que retratou, sobor de misteriosos fondos crepusculares, uns nenos aldeáns de ollos cheos da serenidade do abrente. Eran pinturas armoniosas e ricas de coor, acuñadas da grácil sentimentalidade, de consexa ou de conto, da bravía montaña galega.

Un pintor ferrolán, Valentín Castro, en preño período de formación, expuxo tamén varios retratos, sendo a sua obra culminante o do famoso ourador D. Matías Usero. Era unha obra algo desconcertante, chea de vigor, que deixaba certamente no ánimo unha sensación de inquietude e de misterio. Outra obra que se distinguía ante as que persentou Valentín Castro foi o retrato do esquirtor Arévalo, moi xusto de semellanza, calidade que distinguía tamén a outros retratos pintados i-expostos por D. Vicente Diaz e D. José María Rodríguez.

Enviou duas grandes teas o pintor santiagués Rodríguez Buján, nás que aborda de unha maneira resolta o xénero costumbrista, especialmente na titulada "Gaiteiros do Corpus", típica escena compostelán tratada con verdadeiro amore.

Compre incruir tamén n'ista sección uns dibuxos a acuarela, de Carmelo, xeitosas figuriñas mundanas de fina e decorativa fantasia.

•••

Dende que —fai anos— as verbas "paisaxes galegos" tomaron unha significación simbólica pra os nosos artistas, ningún outro ideal tivo a virtude de apaixioalos tanto como o enunciado n'istes sempre termos. Cáuse que non houbo pintor nado na Galicia que non haxa sido paisaxista. Do pasado, a figura mais interesante é a do

ferrolán Genaro Pérez Villaamil, o gran pintor de paisaxes románticas. Dimpois, dende o rexionalista Fierros ao aristocrático e cosmopolita Vaamonde, todos sentiron a tentación de donar algunha versión pictórica da terra nativa. Pol-o que se refire a época persente, ela veu formarse un gran núcleo de paisaxistas que trataron todos temas do país. Nas exposicións galegas de Belas Artes é obra d'estes artistas a que mais se discute e apaixoa, concedéndoselle tal trascendencia que fai coidar que nas resolucións e interpretacións da paisaxe se ven considerando vinculado o verdadeiramente importante da pintura galega.

Soio polos mandados da Terra pode explicarse a formación d'iste grupo. Os artistas que o compoñen van todos ao mesmo fin, ainda que con procedimentos e concepcións ausolutamente diversas e persoais. D'eiqui a grande vitalidade que caracteriza hoxe no día a pintura galega de paisaxe, vitalidade que fai concebír a seguranza de que, dentro de moi pouco tempo, chegará a producirse con unha forza que a fará ser apreciada universalmente.

E en van que se discutan as razóns e os fundamentos d'ista tendencia. Ela é un feito, e ben xurdiamente manifestouse no II Salón ferrolán.

Fallaban n'iste Salón as represntacións dos elementos por decilo eis crásicos no noso arte da paisaxe. En troques axuntábanse en seis grandes seccións as obras dos loitadores novos mais fortes e inquietantes, de aqueles dos que o labor, loubado ou discutido hoxe no día, encerra en si o xérnolo de renovacións e fala de posibilidades. Cáseque todos eles con personalidade afirmada rexamente en outras exhibicións; algún, enteiramente novel.

Antre os primeiros e de mais forte prestixio, compre citar a Carlos Sobrino Buhigas, que mandou a ista exposición tres acuarelas tituladas: "Casa do Fidalgo", "Un patín" e "Cementerio de Noya".

O termo "acuarelas" non convén reialmente sinón como aproxiación, a obras feitas con procedimentos peculiarísimos de Carlos Sobrino e que se arredan abondo do tipo tradicional da *acuarela* moi fluida, na que o papel intervén non só como soporte sinón tamén como colaborador importante. A orixinalidade e acerto do pro-

cedimento contribúe a aumentar o carauter esencialmente moderno d'istas pinturas, nas que se coidou moito de dar a forma unha expresión crara i-enérxica e a coor intensidade fonda contida en entonacións non moi outas i-estabridas c'o evidente propósito de interpretar con xusteza o tipo medio da lus galega.

Os temas son todos inspirados nas vellas e enxebres construcións arquitectónicas da nosa Terra, evocadas con fondo e sutil sentimento da poesía das cousas pintorescas e antergas.

Sobrino leva realizada xa unha longa riola de producións semellantes que, transportadas a estampa —e son moi doadas pra elo— constituirian unha publicación de imenso intrés.

Ao rente das acuarelas de Carlos Sobrino expuxérónse no Salón ferrolán as rexas augafortes de Castro Gil, que iste ano foron recompensadas na Exposición Nacional de Belas Artes. Eran cinco, tituladas "Igrexa de Mazoucos", "A ermida", "Dexenerados", "Tempestade" e "Ribeiras do Manzanares", parte d'elas inspiradas en motivos da paisaxe galega.

A importante significación que Castro Gil ten adequerida, como grabador, no arte contemporáneo hispánico, é ben conocida. Reperalta o espírito innovador nos procedimentos e conceutos e as suas obras acusan unha nota de fantasía e de grandia que deu orixen a que sexan comparadas a miúdo coas suxestivas augafortes do inglés Brangwyn. As suas son de unha execución amples, doada, bela e moi sintética; mais, cando lle compre pra expresar mais integralmente as suas sensacións, sabe acollerse aos complicados e finos recursos do grabado crásico que domina a perfección. Se non produce como un concenzudo dibuxante de aspeitos superficiais da natureza; é un *expresionista*, e o seu arte se complaz en suxerir fortes sensacións de paisaxes de ensono e de misterio. Ese non sei qué de indefinible, mistura de sobrenatural e de realidade, de medo, de abandono, de silencio, que moitas veces nos sobrecolle como unha alucinación cando trascorremos certos arredados paraxes da montaña galega, endexamais foron evocados con tanta intensidade como en algunas augafortes de Castro Gil. Eu ignoro si isto é premeditado ou si resulta da irresis-

tibre influencia da terra de Lugo sobor do seu temperamento artístico — outro pintor de Lugo, Xesús R. Corredoira, tentamén nos seus cadros un fondo senso dramático da natureza — pro sea do xeito que queira, o certo é que os ousessionantes paisaxes de Castro Gil semellan mesmamente feitos pra poñelos de comentario gráfico aos contos de medo e de invernía da nosa montaña, pois c'os seus respetosos e retortos carballos chantados ante feros penedos, e a sua misteriosa luz de brétema, cadrarian moi ben de fondos aas historias de agoiros, encantos, demos e defuntos, leas de mozos e trixas de lobos.

Contrastaban no Salón ferrolán coás augafortes de Castro Gil, catro dondos paisaxes (oleos) de Manoel Abelenda, nos que iste amostrábase namorado da tranquilidade dos seráns galegos, nos días claros en que o nordés é como un ledo aloumiño. N'un d'aqueles cadros atinou xenialmente a interpretar o alampar do sol na i-auga, n'un contralúz ao debalo da tarde. Nos outros, as horas próximas ao solpôr, cando hai unha lus rousada nas outuras e no fondo das valgadas vanse somindo as árbores na penumbra que dulcifica as fortes entonacións verdes e lles fai deitar acordes cromáticos de inefabre finura. Ao lonxe, o mar cruceiro, de un azul de estividade, pero rompendo decote un pouquín, coma si marmulase unha adevertencia grave.

Istas pinturas de Abelenda son optimistas, mais apesar de que nos falan do gozo de vivir nun país hermoso. Iles non falla tampouco ese deixe de malenconía maina que é a nosa pintura ou que a donda inflección do acento e a fala galega. Pictóricamente, istes cadros áchanse tratados con soltura e gracia, o toque é nervoso, o empaste forte, a cooración intensa e moi desencartada en finos matices. A sensación de lumiosidade está deliciosamente abranguida. En conxunto a obra de Abelenda responde a un temperamento esencialmente pictórico e, ainda con maior precisión, coorista.

Imeldo Corral presentou n'ista exposición once paisaxes (oleos). Antre eles destacábanse principalmente "O serán na praia", "A ermida", "Choveu no val e volverá a chover" e "Raiolas".

Tense clasificado decote a Corral como

pintor impresionista. Isto é certo en tanto que o seu xeito de apreciar a natureza encaixa dentro da concepción do impresionismo francés. Os cadros que mandou ao II Salón están pintados soltamente, con moito brio e fortemente empastados. A nota dominante n'eles é a preocupación da lumiosidade, sober de todo en "O serán na praia", obra de unha extremada finura de coor. "Raiolas" amosta unha grande virtuosidade de fatura; "A ermida" é unha versión da malenconía paisaxe galega tratada en belos grises. En "Choveu no val", pintou Corral de fondo un curuto de montaña empachado de rachos de brétema, que evoca fortemente un momento moi característico das nosas paisaxes. E finalmente en "As torres do mar" semella amosarnos unha creación imaxinativa, aspeito que rara vez cultiva este autor de temperamento sinceramente naturalista.

Outro artista que aceitou para alguma das suas obras normas xenuinamente impresionistas, é Seijo Rubio. En "Cantón de Porlier" anotou un momento típico da vida cruceira. Formas e tonos locais áchanse supeditados n'iste cadro a expresión do instante de lus, a notación expresiva do momento escollido. Mais a fatura é sinxela sin producirse c'os científicos recursos de execución peculiares do impresionismo e do neoimpresionismo. N'iste, no mesmo que nos outros dous cadros que Seijo Rubio trouxo ao Salón ("Cañada do Mandeo" e "Val de Barcia") se alusca a loita pra enlazar a teoría que fai da lus o principal asunto do cadro coa tendencia intuitiva de expresar diante de todo os rasgos caratterísticos da terra amada. Levado do seu ardor, o artista analiza concienzudamente a estructura topográfica, pondo n'elo o mesmo inxerto agarimo que un dos nossos poetas crónicos pôria en desquirbir un currunchón montañés, amado e hermoso.

"Eucaliptus do campo da Victoria", outra das obras (todas oleos) presentadas por Seijo Rubio no Ferrol, xunta aas calidades referidas un simpático empaque decorativo.

Teño entendido que, deixa agora, non tiña enviado cadros a ningunha exposición de Belas Artes galegas o pintor Lois Domínguez Tenreiro, rapaz de 17 anos. Un soio oleo que mandou a iste Salón abunda pra que se lle considere como un dos in-

térpretes mais afertunados da nosa paisaxe. "Sol nos prados" é unha pintura forte i-espontáneamente orixinal, que reverte musicalidade, tenrura de coor e sentimento decorativo. A impresión que se exprimenta contemplandoa é que nos hachamos diante de unha cousa moi pura, moi sinxela, moi bela e moi galega, mais de un aspecto de Galicia deica agora persentido e non expresado. A min dixéronme que non pinta os seus cadros do natural, mais ainda que eles sexan imaxinados, como se pertende, n'un fayado de Madrid, dan unha sensación de realidade infinitamente superior a moitas obras de outros pintores copiadas directamente da natureza. Por riba de todo, expresa a limpida atmósfera con tal verdade e poesía que cando se lle quer buscar un termo de comparanza con algo xa visto, non sei por qué se lembran —coas reservas e salvedades conseguientes — as transparentes versións do espazo que, en obras tamen compostas, deu tan maravillosamente o grorioso Claudio de Lorena.

Si con ser Domínguez Tenreiro moi novo pol-a sua edade e pol-o seu arte nos fai pensar en algo moi crásico, non socede o mesmo c'o novel e afiuzado pintor ferrolán Carmelo F. González.

As obras d'iste nos falan principalmente de fondos desacougados actuaes. Perto de trinta paisaxes ao óleo persentou n'ista exposición, pirmeira aa que concurrediu Carmelo, e elas tiveron a virtude de apaixear ao público e aa crítica.

Dende logo, o seu arte non é o de un pintor xa formado, como o da maioría dos seus compañeiros de exposición, mais é tal a suma de condicións pictóricas que revela nas suas obras, amostran istas un afiuzamento e un entusiasmo tan grande, están tan ateigadas de imaxinación e de espírito, e, en unha verba, manifestan aspectos tan inagardados, que se explica perfeutamente o grande intrés que esperaron.

Eran paisaxes dos ridentes arredores do Ferrol, ollados ao través de un exaltado temperamento lírico, pintados con mau segura, arrumbando decididamente moreas de coor, decote vibrante, decote cantando en tono outo. Os títulos "Bárbara sinfonía en roxo", "Cúpulas de Ouro", "O bosque embruxado", "Impresión do serán", con-

venen xustamente ao carauter d'istas obras prenas de xuventude e que diríamos consagradas aos poemas da coor si o dibuxante non aparecese rexo i-expresivo nas gallardas fasquias de "Os indómitos pinos" e de "Os rumorosos".

Non sería compreta nin xusta ista reseña si non citásemos tres óleos, estudos do "Interior da Igrexa das Capuchinas da Cruña" pintado con bela téunica i-exquisita sensibilidade pol-a Sra. María Corredoira, eisi como o seu outro cadro, óleo tamén, "Prazuela de Santa Bárbara", obra de un refinado sentimento romántico.

Concurriron ademais con paisaxes e mariñas ao segundo Salón ferrolán, Vicente Diaz, Rodriguez Veiras e José Alejandro de la Guardia, todos ou cásque tolos de motivos galegos.

Finalmente, o Comité organizador da exposición autorizou aos nenos Jesús Ramón Macías e Jaime Deus pra que trouxesen obras ao Salón. Ramón Macías exhibiu sinxelos e agarimados estudos do campo galego, feitos ao óleo con fortes empastes. Xaime Deus expuxo unha pequena acuarela que fai persentir o seu grande temperamento de pintor. A presencia das obras d'istes rapaciños na exposición ferrolán foi coma un símbolo que dixese canto agarda e confía no porvir a nosa pintura de paisaxe.

E si considerámos ao Segundo Salón ferrolán como un interesante libro imaxinándonos que cada unha das suas páxinas áchase graciosamente ilustrada pol-as obras de un dos nosos pintores, teríamos necesariamente que pôrille de ex-libris o manífico e conocido dibuxo "Meu retrato espiritual" con que o arte do grande simbolista galego Manoel Buxados fixo auto de presencia na exposición, afirmando as cualidades creadoras i-excelentes imaxinativas da Raza.

••••

Todo na nosa pintura é novo; todo debéraselle ao traballo dos de agora. Non é eisi pra os nosos escultores, pois pra eles hai tradición. Nas horas de dúbida e desalento, non teñen mais que iren a Santiago e axionllárense homildementes, como fai moitos séculos se axionllou o mestre Mateo. Dende a Groria, onde resprandece con

lus perpétua e úneca, él diralles verdades que lles revelarán os segredos en que se asenta a grandeza do Arte, fundamentos mais maravillosos que os da mística cibade do Apocalipsis.

De Agustín López Mirás —que denantes traballou nas portas de San Francisco o Grande, de Madrid, e de Mirás fillo, os dous composteláns, os dous bós escultores, como o declararon as catro obras que presentaron na exposición ferrolán, pódese decir, que, ollando o seu labor se decata

un ben da sua devoción ao grorioso *Santo dos Croques*.

Que Mateo os goberne e alumee, que ben pode, e non soio a eles, sinón a todos cantos se axuntan hoxe, poñendo as suas almas e autividades no ideal que frorece en cousas de tan bon xeito como foi o finado Segundo Salón Ferrolán de Pintura Galega, do ano de gracia de mil novecentos vintedous.

**Bello Diñeiro.**

*Porto do Seixo, Outono 1922.*

## AS NOSAS PUBRICACIÓS

O Boletín NÓS, que leva no seu programa costrutivo da cultura galega o empeño especial de faguer «un estudo piedoso e devoto, cheo de sinceridade, de todolos valores galegos, dos *nosos valores tradicionais*, e mais dos valores novos», vai emprender agora unha obra de verdadeira utilidade, coa que conta faguer un servizo bó a cantos s'intresen pola Hestoria de Galiza. Tal ha ser a pubricación, que principiará no número que ven, de todalas

### FONTES ORIXINAES PR'A HESTORIA DE GALIZA

das que sairán catro páxinas, fora de texto, en cada número, co-as que se poderá formar colección aparte, ademais de que, tiraranse, polo menos, 500 exemplares mais, pra faguer co-iles colección que sairá en libro.

Pra esta obra, deu alento e axuda o eminente patrício galego Don Manoel Portela Valladares, quen d'iste xeito quixo contribuir á renacencia da cultura enxe-

bre, dando a Galiza unha obra que porá nas maus dos qu'estudan, un soberbio instrumento de traballo, atorrándolle o d'andaren buscando n'unha chea de pubricacións espalladas, perdidas moitas d'ellas, e qu'agora atoparán xuntas e direitamente utilizabres.

Nesta pubricación, que principiará no numero que ven, co-as *Fontes da Hestoria Antiga*, escomenzando polos textos dos escritores clásicos que s'ocuparon da nosa Terra, colaborarán os señores:

DON RAMON OTERO PEDRAYO,  
Catedrático de Geografía e Hestoria no Istituto  
d'Ourense.

DON FLORENTINO LOPEZ CUEVILLAS,  
Direitor da Sección Arqueolóxica de «NOS», e

DON VICENTE RISCO,  
Profesor de Hestoria na Escola Normal d'Escollantes d'Ourense.

Cantos queiran coñecer ben o pasado de Galiza, deben ter a nosa colección de

### FONTES ORIXINAES

## ARCHIVO FIOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZA

### XV. Meiciña popular

Medios de levantar-a espíñela  
en Layosa (Chantada)

Danlle ó doente fregas, dend'a muñeira bastr'o cóbado, agarran dedo por dedo, c'unha mau e co-a outra fregan o brazo moi agustiño e apretando moito na forma indicada; despóis fanlle subir os brazos o mais arriba que poida hastra que os xunte enriba da cabeza e despóis báixanlllos hastra estiralos ben; logo dóbilanlllos ond'o peito e co-as maus postas na cara, abrázano por atrás agarrrando por riba dos cóbados e levántano (poñendo na espalda pra esto unha especie de molido, ou almohada) hastra que se sinten estralar as vértebras, sénlanlo con moito coidado e así ten qu'estar varias horas e despóis pra que non volva a cair fanlle meiciñasunhos e outros non. As principaes son: Comer un ovo con incenso.—Outra: Comer tres ovos con mel.—Outra: O dia de San Xoan, comer con mel dous ourizos qu'estén nacemento nos castiñeiros.

Remedio contra a sarna, no  
mesmo Layosa:

Cúrase *envolquillándose* en coiro no  
orballo da mañá de San Xoan.

—

### C. XI

#### Conto de bruxas.

10.—Un mozo tiña unha noiva que era bruxa, e mais tiña un compadre casado que lle morrian os fillos todos. Unha vez foi falar co-a moza, e ela deulle escusa, e il a perguntar e ela a responder, ó fin ela confessar, confessou qu'era que ll'iba matar o fillo ó compadre. Entón, o mozo entrou cand'a ela na casa, ela entrou e untouse n-un cacho, e dixo:

—Co-a axuda de Deus e de Santa Mariña.  
rubamos por esta escaramalleiriña  
Unha hora pra ir  
e outra hora pra vir!

Il deixouna marchar, e despóis untouse tamén, solo que dixo:

Media hora pra ir  
e media pra vir!

De maneira que chegou antes qu'a ela á casa do compadre, e foi, e ó chegar, púxose ó pé da porta pechada. Ela tiña qu'entrar pol-o burato da chave, e ela entraba en forma d'unha mosca. Il sacou un alfiler e pinchou á mosca, e desapareceron os dous, e volveron ond'o cacho onde s'untaran, mais il chegou pirmeiro. E ela viña moi enferma da pinchadura.

E d'aquela, romperon as relaciós.



## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### OS LIBROS DE «CÉLTIGA»

*A Y-alma de Mingos*, por Francisca Herrera Garrido.

A ilustre autora de *Néceda* deu no número 8 de *Céltiga* unha noveliña aldeán, unha hestoria d'amores sentimental e tristeira, coa doce tenrura qu'esta escritora pon de cote na suas producções, anque de fabulación xa sinxela de mais.

Como en *Néceda*, a autora fai eiqui amostranza d'un estilo repousado, expresivo, o mais axeitado pra falar do qu'ela fala, e unha riqueza de verbas tan varia, que pon no cabo un glosario, pra que todos a poidan interpretar ben. Non deixa de estar ben qu'os autores que coidan da lingua dean a coñecer da xente os arcaismos, provincialismos, verbas dos oficios, ou teínismos, e demais expresións vivas ou esquecidas que coñecen e qu'empregan. Eto faría moito ben pr'enrequentármol-a nosa lingua.



*Raza e Terra*, versos de Eladio Rodríguez González.

Veleiqui outro autor que tamén podía faguer moito n-ista labore. O ilustre Segredario da Academia, ten en preparación un diccionario galego-castelán e outro castelán-galego que han render á nosa cultura un servizo ben sinalado, mais compre qu'os dea logo á estampa. Ben o amostra n-iste libroño de versos rexos, sans e campesios qu'agora, e com'anticipación d'un volume que titulará *Oracions campesiñas*, nos da no número 9 de *Céltiga* o poeta ribeirao.

Unha ducia de poemas que principian c'un canto hímico: *As novas rutas*, que nos lembran os feitos n-outros tempos, no abrente románteco do noso espertamento, anque recollan as novas ideias difusas do atlantismo e aporten a recolleita d'outro simbolo do que nos hemos reconñecer moi obrigados deudores: o Santo Xubileu.

Todolos outros poemas están dentro da tradición dos Precursores. Antr'iles achamos o precioso *Orballeiras*, e outros novos ou velllos cheos do recendo da campaña leda, verde e mollada: así *A Vendima*, ond'o poeta puxo todal-as suas saudades do Ribeiro d'Avia. Ten tamén versos de loitae de rebeldia, coma *Xan Labrego*, *Via Crucis*, *O Camiño*. Don Eladio ten nn pulo de mozo, e de mozo ten tamén a sensibilidade.



*Physis y Psyquis*, por Roberto Núvoa Santos.

O Dr. Núvoa Santos é un ilustre home de cencia galego que ten unha gran vocación pola filosofía e unha verdadeira intuición filosófica. Xa outra vez tivemos ocasión de comentar unha obra sua d'esta clás: o seu soado discurso *El problema del Mundo interior*. Hai n-aquil, coma n-iste libro, non temos medo de decirlo, o esbozamento d'un novo positivismo, d'un positivismo trascendente, poderíamos dizer. Xa coñere qu'os médicos volvan ó campo da filosofía e da literatura, xa qu'o idealismo de Marburgo traguido a España, non produciu mais que retórica.

Na sabia obra qu'agora esaminámos, trata os mais interesantes problemas da biología e da psicoloxía, sendo dinas de nota moitas das suas concrusións. No cap. I trata da organización en gráfica dos animás, o *engramo* ven a sel-o siñal que na organización deixá a excitación d'un órgano receptor. O autor considera o suxeto e mais o ouxento como formando unha unidade, ou dous aspectos d'un sistema pechado. N-iste sistema circula a *enerxía en gráfica*, modalidade especial da enerxía, qu'o organismo asimila e disimila, conseguindo a faculdade de reproducir un engramo, sen nova excitación (memoria). Sendo os puntos receptores inestensos, a noción d'espazo ven de seren excitados a un tempo moitos puntos qu'estean algo arredados uns de outros, e a de tempo, de seren excitados os

mesmos puntos sucesivamente deixando pasar tempo antre cada duas excitacións. Así como cada especie animal ten a sua albúmina diferente, tamén ten a sua constitución en gráfica específica, e do mesmo xeito, hai unha especificidade das preteinas dos diferentes sistemas eórgaos, e unha especificidade en gráfica, que fai a receitividade de cada órgao dos sensos pra os excitantes luminosos, sonoros, etc.

No cap. II estuda a assimetria funcional do sistema nervioso, coma sino de diferenciación, e ten cousas curiosas tratando das causas do predominio do hemisferio esquerdo, qu'espresa d'un xeito casual por mérito das *series excepcionaes*, e dos manichos, que Stier considera supervivencia d'una especie d'homes que desapareceu.

No cap. III trata da intelixencia e da concencia. Considera esta com'unha *función relacional*, que se dá no *suxeto-ouxeiro*. E a intelixencia é un instrumento suplemente, qu'intervén somentes cando fallan outros instrumentos d'a adaptación, unha cousa verdadeiramente secundaria na vida.

No cap. IV ocúpase da expresión e da acción, e estuda os fenómenos psíquicos coma refrelos, dando as ideias coma modelos internos d'acción. Estuda o lingoaxe, os símbolos, etc., e a intervención da *censura inhibitoria* e transformadora.

Pol-o derradeiro, no cap. V fala da Metapsiquica, tratando d'esplicar pol-a fisiología moitos dos fenómenos comprobados do ocultismo. Iste capítulo foi o que mais chamou a atención da xente, coma non podía por menos de pasar. Di o doctor Novoa Santos que tendo que quedar no campo da fisiología, e tendo istes fenómenos que ter unha finalidade, non se lles pode atopar outra explicación que dandoo como tradición da arela de supervivencia, da tendenza do organismo a vivir fora do espazo e do tempo que lle foran marcados.



#### *Flores do frío*, por Claudio Basto.

O ilustre director da *Lusa*, e eminente filólogo e folklorista Dr. Claudio Basto, é tamen un gran literato, un delicado prosista. Home que ten un fondo coñecemento das belezas antigas que s'atopan nos

vellos libros e na eterna fantasia popular, deixase tamén conquerir pol-as belezas modernas. *Flores do frío* non parez a obra d'un erudito metido en lucubracións d'esas que parecen pesadas e disgustantes a aquiles que teñen os eruditos por homes sen gusto e sen sentimentalidade. Mais se cadra, son iles os que saben zugar os mais doces meles na vella e na nova beleza. E veleiqui temos ó Dr. Claudio Basto amos trándonos o seu gosto esquisito.

*Flores do frío* é unha colección de prosas escritas foi tempo e agora recollidas. Teñen certo sabore de modernismo non d'agor, analise psicolóxica intima, humorismo romántico, maximación *bizarre*. Todos istes encantos ten o libro que comprende trece prosas —sen contar a *Aertura*— a derradeira, a que fai o número da morte, adicada ó falecimento d'un ilustre amigo e confrade: Joao da Rocha. Duas d'estas prosas son recordos de Galiza, lembranzas persoais, impresións episódicas, non de tipismo.

#### *No seio da Virgem-Mae*.

O Dr. Claudio Basto mándanos tamén esta colección d'artigos d'il mesmo, da Dra. Carolina Michaelis de Vasconcellos e de J. Leite de Vasconcellos, referentes á cantiga popular portuguesa e galega:

No seio da Virgem-Mae  
incarnou divinha graça  
entrou e saiu por ela  
como o sol pela vidraça.

A orixe d'esta belisema imaxe atópase asegún o Dr. Claudio Basto, n-un testo de Pedro Lombardo: «Sol penetrat vitrum, nec frangitur aut violatur; sic Virgo perperit, nec malata fuit», citado por Fr. Alberto Knoll, Inst. theologiae theoreticae seu Dogmatico-polonicae, Augustae Taurinorum, 1888, vol. I, pax. 445.



#### *Tragedias de la vida vulgar*, por Wenceslao Fernández Florez.

O autor, no prólogo, protesta de que no conceuto da xente il teña que ser por forza humorista, e mais do qu'a xente en Hespaña sole supor que é un humorista; e di qu'unha condición moi principal no verdadeiro humorista é a *tenrura*. Il tena,

ten todo o que quer un decir dicindo que ten «bo curazon». N'estes contos —oservemos de camiño, que Galiza ten dado mais ben contistas que non novelistas— hai esa gran piedade pr'as vidas homildes, e pr'as suas traxedias internas. E mais tamén hai unha forte fantasia, unha maxinación a se revelare non somentes na fabulación, na inventiva das hestorias, senón ainda na maneira de contalas, e de faguelas vivir, que o fai de mau de mestre: hai contos, coma «La quiebra de la casa Roris», nas qu'o xeito dos vellos naturalistas achase superado por unha simplicación perfeita, sen perder nin migalla da fonda realidade que mesmo s'apalpa. A tenda de Doña Miñoca, é un exemplo: o autor métenola polos ollos. En «Soina», outro conto dos melhores do libro, hai a sensación do canto dos potes na cociña; na estrana hestoria «En el claro del bosque», di cousas sobre dos homes que dormen e sobre da vila dormente, que s'achan perto da gloriosa tradición poenana. En todolos contos, a coñecencia da psicoloxía humán amostran o home doado pra novelista en grande, coma sen dúbida o é o autor de «Ha entrado un ladrón» e de «Volvoreta».

No Wenceslao Fernández Flórez amóstranse as calidades da Raza galega d'un xeito brillante, e isto é o modo de que ll'atopen certo aire de familia con algúns escritores portugueses. Somos nós e non os alleos quen millor os podemos diferenciar. Hai no Wenceslao non sei qué de nórdico, infundido no seu forte temperamento persoal: outro carácter de raza, a individualidade.....



*La obra lírica de Fernando Maristany*  
por Alfonso Maseras.

Tamén Cataluña ten escritores qu'escriben en castelán com' Eduardo Marquina. Non sabemos se iste terá escrito algúna cousa en catalán. O que é Fernando Maristany non escribe mais que na lingua de Castela... Elo non é cousa mala mais que si temos en conta que no caso d'il, coma no dos nosos, é sempre un desleigamento, e nas circunstancias de hoxe un pouco pior, porque é un homeaxe á lingua que por circunstancias hestóricas,

é a nemiga natural no caso Maristany, coma no dos nosos, da lingua propia. En outro caso, e mirado dende certo punto de vista, o escribir en lingua allea, hasta pode ser un merito, coma nos casos de José María de Heredia, Jean Moréas e Stuart Merrill; mais é qu'istes vivian e escribían fora da sua patria, e faguiano na lingua do país no que vivian o que varia moiito...

Do libriño d'Alfonso Maseras, vimos a sacar en limpo que na y-alma de Maristany —poeta suxetivista, un pouco misteco, eminentemente lírico, no senso d'individualismo qu'esta verba sole levar— hai un sentimento de revolta contra do seu médeo nazonal e ainda contra do seu médeo familiar de comercio d'algodons; sentimento que ven a confesar o poeta, anque farío vagamente, nas liñas autobiográficas das páginas 20-22.

Alfonso Maseras, despois dunha teorización xeneral sobre a poesía lírica, vai recollendo no libro o que de Maristany se ten dito adentro e fora da Península por Camille Pitot, Teixeira de Pascones, José Gálvez, Diez-Canedo, J. M. Castellvi, Rafael Altamira, Mirabent, Vilaplana, V. Diez de Tejada, etc., etc. Maristany, que dirixe a Editorial Cervantes de Barcelona, e ten feito traducións ó castelán de poetas franceses, ingleses, portugueses, alemás e italianos, viu tamen os seus poemas traducidos a varias linguas. Un dos que tradució ó castelán, foi Teixeira de Pascones, que lle puxo un prólogo ó seu libro *En el Azul*, o mais loubado dos libros do Maristany, ond'o seu temperamento lírico, d'un lírismo delicado e confidencial, d'una emoción un pouco intelectual, com'a califica o autor de *Iduribet*, o que ainda sentindo que Maristany non sexa un poeta d'expresión catalana, non deixa d'atopar nel as características da sua terra.



*Boletín de la Real Academia Gallega,*  
1-1-1923.

Trai: Astronomía popular española: Un bronce antiguo con la representación de las Pléyadas, encontrado en Monte Pindo, Galicia, por Roberto Lehmann Nitsche.— Sepulturas antropoides, por Angel del

Castillo.—Los Canónigos de Santiago, por Pablo Pérez Constanti.—De Folk-lore: Cantares populares.—Sección oficial.—Colección de Documentos Históricos.

◎

*Rexurdimento*, órgao da I. N. G. Xaneiro 1923.

Trai: O problema da grande vila, por Vicente Risco.—Gabanzas do enxebre, por Jaime Quintanilla.—Madrid xusgado por un galego culto, por B. Calderón.—Das Supersticiós, por R. Novoa Santos.—Na Bretaña, por Gonzalo López Abente.—Caricatura de Vicente Risco, por Alvaro Cebreiro.—Cántiga Nova, por E. Correa Calderón.—De «O Mariscal».—A Autonomía de Galiza.

◎

*A Aguia*, Porto Novembre, 1922.

Trai: Cultura e Natura, por Vicente Risco.—Fumo do Lar, por Angelo Casar.—Diálogo Antigo, por Alfredo Brochado.—Paisagem, por Teixeira de Pascoaes.—Santa Eponima, por Raul Brandao.—A Universidade Popular do Porto, por Leonardo Coimbra.—Notas e comentários, por A. Martins.—Um Livro pitoresco, por L. Cardim.—Carta do Brasil, por Alvaro Pinto.—Bibliografía, por A. de M.

◎

*Horizonte*, Madrid, 15 Dbre. 1922.

Trai: Poesía (La Flor más Alta), por Juan Ramon Jimenez.—25 F., por P. Marjan.—Primavera, por Gerardo Diego.—Paisaje humilde, por J. Rivas Panedas.—Los Poemas de la Tierra Gallega, por Eugenio Montes.—Clasicismo, por José Bergamin.—Ramonismo, por Ramón Gómez de la Serna.—Dos Poemas, por Pedro Garfias.—El viento, por Raul Carranca.—Un Prólogo, por Manuel Abril.—Auto, por P. D. La Rochelle.—Poemas, por R. Alberete.—Crítica.

◎

*Revista Parlamentaria de Cuba*, Noviembre 1922.

Trai: Nuestra falta de preparación política, por Dr. Raul de Cárdenas.—La Cloridat de las Leyes, por el Presidente del

T. S. de Justicia.—Legislación deportiva necesaria, por J. Litzar.—Pan-Americanismo.—Asuntos internacionales.—Sesiones de las Cámaras.—Memorandum Cubano Mensual.—Variedades.—Anécdotas.

◎

*A Nosa Terra*, Cruña, 15 Xaneiro, 1923.

Trai: A Santidade da Lingua, por L. Peña Novo.—Perden o tempo, por Asieumendre.—Nova entidade nacionalista.—A pro-visión da Mitra de Santiago.—Unha conferencia.—Un gran mitin en Laracha.—En Santa Cruz do Porto.—Regionalismo práctico.—Sociedades artísticas galegas.—De Camariñas a Ponte do Porto, por Lois Fernández Gómez.

◎

*Boletín de la Comisión de Monumentos*, Ourense.

Trai: Biografía de Colón escrita por un genovés en vida del inmortal navegante, por Marcelo Macías.

◎

*La Douce France*, Paris, Decembre, 1922.

Trai: La Gaule et les Gaulois, por André Lebey.—Le crépuscule des dieux, por Francois Bidet.—Poemes, por Abel Léger.—Le Théâtre, por Jean Lebèdet.—L'exposition d'art décoratif de Munich, por Marie Dormoy.—Au Salon d'Automne, por E. de Thuber.—Congrès de la Fédération Régionaliste Française.—Comptes-Rendus et Nouvelles.—Gravures de Daniel de Monfreid e Joseph Bernard.

◎

*Porto Académico*, Porto 29-1-1923.

Trai: Carnaval de Estudantes.—Escarneo da caveira, por T. Santos Mota.—Motivo do meu viver, por Palida Figura.—Ida e volta Porto-Madrid.—Os Teatros.—Folhas ao Vento, por J. de Novais Cruz.—Problemas, por A. Farinas.—O Adeus dum Noiva, por Santos Nobre.—Carta, por Ferreira dos Santos.—Sport, por Canto Moniz.—Da nossa Arcada, etc.

XASTRERÍA  
Freire Huici & C.<sup>a</sup>  
(S. en C.)

REAL, 7 E 9, 1.<sup>o</sup> A CRUÑA

BANCO DE VIGO

FUNDADO EN 1900

CASA CENTRAL, VIGO.—Sucursais e agencias en Ourense, Pontevedra, Santiago, Vilagarcía, Mondariz, Moya, Barcos de Valdeorras, Carballedo, Celanova, Chantada, La Estrada, Marín, Ribeira, Verín.

Tén Axentes e Corresponsaes no Reino yo Extranxeiro, especialmente nas Américas.

Realiza toda cras d'operacións de Banca e Bolsa en xeneral. Ademite contas correntes e depósitos polos que abona os intreses siguientes:

Contas correntes a vista.	2 %	Depósitos a 6 meses prazo . . . . .	3 1/2 %
Depósitos a 1 mes prazo . . . . .	2 1/2 %	a 12      . . . . .	4 %
* a 3 * * . . . . .	3 %	En caixa de aforros deica 10.000 pts.	3 1/2 %

AGRICULTORES

ESTERCADE CON

NITRATO  
DE CHILE

AXENCIA REXIONAL EN VIGO:

*Ernesto Cádiz Vargas*

Avenida Montero Ríos, 14

DELEGACIÓN EN MADRID:

*Juan Gavilán*

Almirante, 19

ARTURO NOGUEROL

ABOGADO

P. Feixón, 12

OURENSE

APARATOS Y DISCOS  
« GRAMOPHONE »

RELOXERÍA

MIGUEL CALVIÑO

OURENSE

Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE,"

OS DE MAIS DURA, OS QUB MILLOR LIMPAM,  
OS MAIS ECONÓMICOS

## GUIA PROFESIONAL

LUIS GALLEGO

PROCURADOR

Luis Espada

Ourense.

Ramón Varela

ABOGADO

Luis Espada

Ourense

Aurelio A. Belvís

MÉDECO

Progreso

Ourense

OSORIO

ABOGADO

Luis Espada

Ourense

ADOLFO ESPINO

ABOGADO

Vigo

Francisco J. Rionegro

MÉDECO

Luis Espada

Ourense

José Sabucedo


ABOGADO

Progreso

Ourense

AUGAS MINERO-MEDICINAS, BICARBONATO-SODICAS

# MONDARIZ



**F. ROMÁN E SAGO**

1000

**DROGUERIA**

**E FARMACIA**

PEREIRA, 19.

TELÉFONO, 28.

**OURENSE**

**Disponible**

**RIO MIÑO**

**Rei dos Viños Galegos**

ESPORTACIONES A TODAS PARTES DO MUNDO

**Uzal, Compañía Limitada**

**VIGO**